

# Galicia Encantada



ANIVERSARIO  
2005 \* 2025  
Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

## Micromitos

### CATEGORÍAS RELACIONADAS

#### *Micromitos 001: O oráculo*

Canda o cuco na primavera chegaba Xurxo Souto a este niño de *Nós Diario*. E canda o cuco temporeiro, en avistando setembro, vai, discreto, cos acordes poderosos das músicas populares, camiño dos seus aposentos de entretempo.

Tomo a remuda coa ilusión de ser quen de, a grols, ir matando algunha sede por saber que hai tras as portas das cámaras dos tesouros ou das dos pazos escusados, habitados por criaturas encantadas. Contar que sucede nas estremas polas que van e veñen as ánimas, do Aquén ao Alén, da memoria mítica e do imaxinario colectivo. Será en pequenas doses, sempre desde as entreportas onde se saúdan as millentas historias da nosa fantasía popular!

Ollo co cuco que é moi cuco! Ninguén sabe con certeza onde pasa o inverno, se dorme ou vela, se soña e se fala ao soñar. Ninguén sabe se marcha ou queda camuflado de gabián. Pero o cuco é sabio, o oráculo que temos máis a man; se lle sabemos preguntar, sabe incluso cantos anos nos quedan por dobrar.

Atentos ao cuco! Volverá! E con el Xurxo Souto, e Cunqueiro e César Morán! Haberá primavera!

Se vos praxe, ata mañá!

© Antonio Reigosa. Serie: *Micromitos* Publicación: *Nós Diario*, 1 de setembro de 2020.

Locución audio: *Rocío Romero Otero*

Your browser does not support the audio element.